

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

ORDE do 15 de febreiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións aos obradoiros artesáns para incentivar a realización de acordos de formación de aprendices e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento IN201K).

A Constitución española establece no artigo 130.1 a necesidade de atender á modernización e desenvolvemento dos sectores económicos, particularmente, entre outros, a artesanía, co fin de equiparar a vida de todos os españois.

A nosa comunidade autónoma asumiu competencias exclusivas en materia de artesanía no artigo 27.17 do Estatuto de autonomía de Galicia. A Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia, establece o marco legal de actuación do sector artesán en virtude das citadas competencias e establece a creación do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, de carácter público e voluntario, como instrumento que permite coñecer a dimensión de cada grupo artesanal e o alcance da acción administrativa circunscrita ao ámbito xeográfico da nosa comunidade. Tamén creou a Comisión Galega de Artesanía como órgano institucional de colaboración entre a Administración autonómica e o sector artesán e a Fundación Centro Galego da Artesanía e o Deseño para dotar ao sector dunha infraestrutura especializada e desenvolver programas que incidan na súa mellora.

O Decreto 218/2001, do 7 de setembro, refunde a normativa vixente en materia de artesanía que desenvolve a dita lei e a Orde do 12 de abril de 2017, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, revisa a relación de actividades artesás recollidas no anexo IV do decreto.

O Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, coordinación e control das competencias da consellería en materia de artesanía.

A importancia das actividades artesanais en Galicia reside non só nun plano social ou cultural, con que se adoitan identificar, senón que constitúen actividades con capacidade de xeración de emprego e riqueza desde o punto de vista económico. Abranguen, ademais, unha lista longa de oficios que se traduce nunha oferta produtiva moi diversificada que pode responder de xeito eficaz ás exixentes demandas do mercado actual.



É preciso seguir a traballar na mellora do grao de profesionalidade e competitividade do sector, non só desde o punto de vista da rendibilidade da actividade, tamén para garantir a pervivencia dos oficios.

Tendo en conta o potencial da artesanía para xerar autoemprego como un dos mellores viveiros empresariais de novos creadores procede impulsar desde a Administración autonómica accións e incentivos que permitan asegurar a remuda xeracional mediante a promoción e a estruturación da formación, propiciando as vocacións persoais e a divulgación das técnicas artesanais e contribuíndo a novas formas de cooperación.

Cómpre, polo tanto, proceder ao establecemento das bases e á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, co obxecto de incentivar a realización de acordos de formación, teórica e práctica, que formalicen os obradoiros artesáns con aprendices e iniciar procesos de transmisión dos oficios.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuídas a Consellería de Economía, Emprego e Industria en materia de artesanía, no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a obradoiros artesáns para incentivar a realización de acordos de períodos de formación, teórica e práctica de aprendices durante un período máximo de 12 meses e se procede á súa convocatoria.

2. Para a concesión destas subvencións destínase un crédito de 1.000.000,00 € que será imputado á aplicación orzamentaria 09.30.751A.770.2 «Potenciación da capacitación artesanal» que conta con crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2018. Esta cantidade poderase incrementar en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito, cando o aumento veña derivado de:

a) Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.



O incremento do crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, de ser o caso, previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 2. *Prazo de duración do procedemento de concesión*

Unha vez recibida a solicitude, esta será tramitada de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, e será resolto no prazo de 2 meses, contados desde a data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. O vencemento do prazo máximo sen ditar e notificar resolución expresa lexítima os interesados para entender desestimada a súa solicitude.

Artigo 3. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.



Artigo 4. Información ás persoas interesadas

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN201K, poderase obter información na Dirección Xeral de Comercio e Consumo e na Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria (<http://www.xunta.gal/ceei>), na súa epígrafe de axudas ou subvencións ou en www.artesaniadegalicia.gal.

b) Na guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia no enderezo:

<https://sede.xunta.gal>

c) No teléfono 981 54 55 99 da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

d) Nos teléfonos 881 99 91 71 ou 881 99 91 75 da Fundación Centro Galego da Artesanía e Deseño.

e) Nos enderezos electrónicos cei.dxc.axudas@xunta.es e centro.artesania@xunta.es

f) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia: 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).

Artigo 5. Recursos

Contra a presente orde, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

1º. Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

2º. Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



Disposición adicional primeira. Datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 5, 4º andar, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a lopd.industria@xunta.gal.

Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Comercio e Consumo para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018.

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións aos obradoiros artesanais para incentivar a realización de acordos de formación con aprendices de oficios artesanais (código de procedemento IN201K)

Artigo 1. Obxecto e réxime das subvencións

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto incentivar a realización de acordos de períodos formativos de carácter non laboral entre obradoiros artesanais e



aprendices, que contribúan a asegurar a continuidade dos oficios e a súa remuda xeracional (código de procedemento IN201K).

2. Os obradoiros beneficiarios, subscribirán acordos cos aprendices, co contido establecido no artigo 4. A formación terá unha duración mínima de 6 meses e máxima de 12 meses e a xornada será, como mínimo de 20 horas semanais e máximo de 40 horas semanais. As actividades iniciaranse no prazo máximo dun mes desde a notificación da concesión da subvención e realizaranse no obradoiro baixo a dirección e supervisión dun titor que será o titular do obradoiro ou persoa en quen delegue, que deberá ter a formación e experiencia necesarias para a correcta formación do aprendiz. O obradoiro deberá expedir un certificado ao bolseiro acreditativo das horas, período e contidos da formación ao finalizar o período de formación.

3. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva e quedará suxeito ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán exceder dos límites cuantitativos de 200.000 euros nun período de tres anos establecidos no Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión da Unión Europea, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 24.12.2013, L352/1).

Artigo 2. Contías

1. O importe da subvención, que se aboará ao obradoiro, non excederá das seguintes contías mensuais:

– 1,2 veces o IPREM mensual vixente se a formación ten unha duración de 20 horas semanais.

– 1,5 veces o IPREM mensual vixente se a formación ten unha duración de 40 horas semanais.

– O obradoiro percibirá, adicionalmente, unha contía fixa de 200 € mensuais, para as cotizacións sociais dos bolseiros, e gastos en funxibles e materiais que se realicen durante a práctica dos aprendices.

Poderán subscribirse acordos cunha duración entre 21 e 39 horas semanais. Nese suposto, o importe da subvención concedida será incrementado proporcionalmente en función do número de horas pactado entre o obradoiro e o aprendiz.



2. Os obradoiros aboarán aos bolseiros as seguintes cantidades, con carácter mensual, como mínimo:

– 1,2 veces o IPREM mensual vixente en cada momento cando a formación teña unha duración de 20 horas semanais.

– 1,5 veces o IPREM mensual vixente en cada momento cando a formación teña unha duración de 40 horas semanais.

Cando os acordos teñan unha duración entre 21 e 39 horas, o obradoiro aboará o importe correspondente incrementado proporcionalmente.

3. Cada obradoiro poderá solicitar subvención, con carácter xeral, para o financiamento de 1 acordo cun aprendiz. Se o obradoiro ten como mínimo 6 traballadores empregados, poderá subvencionar ata 2 acordos.

4. A duración da formación subvencionable terá un mínimo de 6 meses e máximo 12 meses, sen prexuízo de que as partes, de forma privada e en exercicio da autonomía da súa vontade, decidan prorrogar a súa colaboración.

5. O importe da subvención regulada nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos e privados, supere o 100 % do investimento subvencionable.

6. As subvencións previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das reguladas por esta consellería e entes dependentes, para os mesmos conceptos subvencionables.

Artigo 3. *Beneficiarios*

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os obradoiros artesanais, sexan persoas físicas, xurídicas ou comunidades de bens que figuren inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

2. Non poderán concorrer á presente convocatoria os solicitantes que se atopen nalgún suposto dos recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Artigo 4. Acordos

No acordo que subscriban o obradoiro e o aprendiz, anexo III, recollerase como mínimo:

1. Identificación das partes.
2. Obxecto do acordo.
3. Duración total, data de inicio, xornada diaria e horarios.
4. Obradoiro onde se realizarán as actividades.
5. Identificación do titor e sistema de avaliación.
6. Remuneración que percibirá o aprendiz.
7. Data e sinaturas do titular do obradoiro e o aprendiz.

Artigo 5. Aprendiz

Poderán ser aprendices os que, tendo plena capacidade de obrar, reúnan os seguintes requisitos:

1. Ter nacionalidade española ou dun dos países membros da Unión Europea e estar domiciliado/a na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Estar en posesión do título de grao en Belas Artes, dun ciclo formativo de grao superior ou grao medio de Artes Plásticas e Deseño, dun ciclo formativo de grao superior ou grao medio de formación profesional directamente relacionados con algunha actividade artesanal segundo a Clasificación nacional de actividades económicas (código CNAE-2009) recollidas no anexo I da Orde do 12 de abril de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, publicada no DOG núm. 79, do 25 de abril de 2017.
3. Non ser beneficiario de calquera outra subvención ou axuda, salvo o subsidio por desemprego.
4. Non estar desempeñando ningunha actividade retribuída no momento da sinatura do acordo e ata a finalización da formación.



5. Non ter enfermidade nin incapacidade que impida o desenvolvemento da actividade obxecto do acordo.

6. Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 6. *Programa do proxecto formativo*

O programa será confeccionado polo obradoiro e incluírá, como mínimo, os seguintes aspectos:

- Competencias que se van transmitir.
- Fases temporais en que se dividirá o período.
- Actividades que se realizarán en cada fase da formación.
- Establecemento de indicadores que permitan medir os resultados das actividades en cada fase, que poderán consistir en probas de avaliación ou número de ensaios con éxito, entre outros. En todo caso, serán representativos, claros e directamente relacionados cos obxectivos.
- Obxectivos intermedios que se pretenden acadar en cada fase temporal, entendidos como a suma de varias actividades relacionadas.

Este programa, que se presenta xunto coa solicitude, deberá ser debidamente cumprimentado e presentado á consellería cando finalice o período formativo, como parte da xustificación final da subvención tal e como exige o artigo 17.

Artigo 7. *Solicitudes*

1. O prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 15 de setembro de 2018, salvo esgotamento de crédito, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e no portal da Consellería de Emprego e Industria e que suporá o peche do prazo e a inadmisión das solicitudes que se presenten con posterioridade.

As solicitudes (anexo II) presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia:

<https://sede.xunta.gal>



A presentación electrónica será obrigatoria para: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional e as persoas representantes dunha das anteriores. Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 8. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude, anexo II, a seguinte documentación, sen prexuízo do disposto no punto 2.

a) Documento acreditativo de poder bastante de representación da entidade solicitante, de ser o caso.

b) Acordo asinado entre o titular do obradoiro e o bolseiro segundo modelo do anexo III.

c) Programa do proxecto formativo, co contido establecido no artigo 6.

d) Vida laboral do aprendiz actualizada á data da sinatura do acordo.

e) Declaración responsable do aprendiz do cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 5, segundo modelo do anexo IV.

f) Certificado de discapacidade do aprendiz, de ser o caso, cando esta sexa recoñecida por outra comunidade autónoma.



2. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das bases reguladoras. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.



Artigo 9. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos dos obradoiros artesanais incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI/NIE da persoa solicitante e da persoa representante.

b) NIF da entidade solicitante.

b) Certificacións emitidas polos organismos competentes acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa AEAT, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e coa Atriga.

Tamén se poderán consultar os seguintes datos das persoas aprendices:

a) DNI/NIE.

b) Título oficial universitario.

c) Título oficial non universitario.

d) Certificado de discapacidade expedido polo órgano competente da Xunta de Galicia.

3. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 10. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presenta-



ción electrónica das solicitudes tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 11. *Instrución dos procedementos*

1. A Dirección Xeral de Comercio e Consumo será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, así como para realizar a proposta de resolución ao conselleiro, e corresponde ao conselleiro de Economía, Emprego e Industria ditar a resolución que corresponda, sen prexuízo da delegación noutros órganos.

2. As axudas concederanse baixo o réxime de concorrencia non competitiva xa que polo seu obxecto non é preciso realizar unha comparación e determinar unha orde de prelación entre os solicitantes. De acordo co establecido no artigo 19.2 e 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o órgano competente para a tramitación do procedemento instruirá os expedientes seguindo rigorosamente a orde de presentación das solicitudes e concederá a subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito a todos aqueles beneficiarios que cumpran cos requisitos.

O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, e poderá requirir o solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. En todo caso, non se admitirán a trámite e procederase a ditar a resolución de inadmisión e arquivamento, as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido no artigo 7.

Artigo 12. *Resolución e notificación*

1. O órgano instructor formulará a proposta de resolución que se elevará ao conselleiro de Economía, Emprego e Industria quen ditará a correspondente resolución, delegada na persoa titular da Dirección Xeral de Comercio e Consumo pola Orde do 16 de xuño de 2016, DOG núm. 131. A resolución de concesión adxudicará a subvención ao obradoiro artesán e fixará a súa duración e a súa contía, e entenderase ditada polo órgano delegante.



2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de 2 meses contados desde a data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Cando venza o prazo máximo sen ditar e notificar a resolución expresa os interesados entenderán desestimada a súa solicitude.

3. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

4. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

6. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou sexa expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

7. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Publicidade*

Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das



administracións públicas, a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria (<http://www.xunta.gal/ceei>).

Artigo 14. *Pagamento*

O aboamento da subvención farase efectivo transcorrido o prazo de 10 días desde a notificación da resolución de concesión previsto no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Consistirá nun pagamento único do total do incentivo ao obradoiro na conta bancaria que este indique na súa solicitude no anexo II.

Artigo 15. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución ou en calquera momento se a resolución non for expresa.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 16. *Modificación da resolución*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.



Artigo 17. *Aceptación e renuncia*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, de conformidade co disposto polo artigo 21.5 da Lei 9/2007, transcorridos dez días desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunique expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de persoa beneficiaria.

2. A renuncia á subvención poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

3. No caso de que se comunique a renuncia en prazo, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21 da mesma lei.

Artigo 18. *Obrigas das persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias destas axudas están obrigadas a observar o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e especificamente a:

a) Aboar mensualmente, nos 5 primeiros días de cada mes, a contía neta que lle corresponda ao aprendiz, así como asumir os dereitos e as obrigas en materia de Seguridade Social establecidos no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro. O obradoiro será o único responsable do impago ao aprendiz, sen prexuízo da exixencia da responsabilidade por parte da Administración por incumprimento da execución das súas obrigas tal e como se establece no artigo seguinte.

b) Destinar a axuda ás finalidades para as cales se concede.

c) Comunicar calquera alteración das condicións que motivaron o seu outorgamento.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente e facilitarles á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, o exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

e) Subministrar á Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por esta das obrigas previstas no título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.



f) Dar publicidade da subvención nas actividades que realice o obradoiro, como cursos, publicacións, encontros, e tamén se lle dará publicidade nas redes sociais e páxina web, se a ten, facendo referencia á convocatoria e á orixe.

Artigo 19. *Xustificación final da subvención*

Os obradoiros deberán presentar, no prazo dun mes desde a data do remate do período de formación:

1. Copia dos xustificantes bancarios das transferencias mensuais realizadas aos aprendices, debidamente selados, física ou electronicamente, pola entidade financeira.

2. Vida laboral do aprendiz actualizada á data de finalización da bolsa e xustificantes dos gastos correspondentes á contía fixa de 200 € mensuais, mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil.

3. Memoria do programa presentado coa solicitude, descrito no artigo 6, debidamente cuberto, onde se indicarán os obxectivos, intermedios e finais acadados e as competencias adquiridas. Tamén se achegarán fotografías, mostras ou vídeos onde se amosen diferentes momentos da formación e os partes de asistencia diarios de entrada e saída do aprendiz.

Transcorrido o prazo anterior sen presentar a anterior documentación, requirirase ao obradoiro para que no prazo improrrogable de 10 días a presente. Se non a presenta no dito prazo, seralle de aplicación o disposto no artigo seguinte.

Artigo 20. *Incumprimento, reintegros e sancións*

1. Producirase o reintegro total ou parcial da cantidade percibida no suposto de falta de xustificación final do cumprimento do proxecto formativo, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de mora correspondentes. En especial, producirase o reintegro total da subvención cando o obradoiro incumpra a súa obriga de aboar mensualmente a retribución ao aprendiz.



2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Incumprimento parcial, sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión das axudas, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá apreciar un incumprimento parcial, e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que teña a condición incumprida na resolución de concesión e, se é o caso, establecerá a obriga de reintegro.

4. As entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título VI do seu regulamento.

Artigo 21. *Control*

1. A Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá levar a cabo as actividades de inspección que consideren oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

2. Á parte do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 22. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases se aplicará o regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no regulamento desta lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, na Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, no Regulamento (CE) nº 1407/2013 da Comisión, e no resto da normativa que resulte de aplicación.




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II

PROCEDIMENTO AXUDAS PARA O FINANCIAMENTO DE ACORDOS DE FORMACIÓN DE APRENDICES EN OBRADOIROS ARTESÁNS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO IN201K	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>						
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>				
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>				

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante							
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:							
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO						
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>						
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE							
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.							
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.							
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)							
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>						
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>	<input style="width: 95%;" type="text"/>				

DATOS BANCARIOS							
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA						NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)	
<input style="width: 95%;" type="text"/>						IBAN	<input style="width: 95%;" type="text"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA							
1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:							
<input type="radio"/> Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.							
<input type="radio"/> Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:							
ORGANISMOS						IMPORTE (€)	
<input style="width: 95%;" type="text"/>						<input style="width: 95%;" type="text"/>	
<input style="width: 95%;" type="text"/>						<input style="width: 95%;" type="text"/>	
<input style="width: 95%;" type="text"/>						<input style="width: 95%;" type="text"/>	




ANEXO II
 (continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

 2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

 Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.

 Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

 Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime de *de minimis* doutras administracións públicas ou de outros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. Que o obradoiro artesán que represento está inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
 Documento acreditativo de poder bastante de representación da entidade solicitante, de ser o caso

 Anexo III debidamente cuberto e asinado

 Programa do proxecto formativo

 Vida laboral do aprendiz actualizada á data da sinatura do acordo co aprendiz

 Anexo IV debidamente cuberto e asinado

 Certificado de discapacidade do aprendiz, de ser o caso, cando esta sexa recoñecida por outra comunidade autónoma.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓÑOME Á CONSULTA
<input checked="" type="checkbox"/> DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado de estar ao día do pagamento das obrigas coa AEAT	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado de estar ao día do pagamento coa Atriga	<input type="checkbox"/>

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 5, planta 4ª, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a lop.d.industria@xunta.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE


Orde do 15 de febreiro do 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións aos obradoiros artesáns para incentivar a realización de acordos de formación de aprendices e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento IN201K).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de



Dirección Xeral de Comercio e Consumo


SEDE ELECTRONICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora


**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO III

MODELO DE ACORDO

DATOS DO OBRADOIRO ARTESÁN			
RAZÓN SOCIAL			NIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NO ME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATOS DA PERSOA APRENDIZ			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
OBXECTO DO ACORDO			
<input type="text"/>			
DURACIÓN TOTAL (MESES) <input type="text"/>			
DATA DE INICIO (MÁXIMO UN MES DESDE A NOTIFICACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN)			<input type="text"/>
XORNADA DIARIA (NÚMERO DE HORAS) <input type="text"/>			
HORARIO <input type="text"/>			
OBRADOIRO ONDE SE REALIZARÁ A FORMACIÓN (ENDEREZO POSTAL) <input type="text"/>			
TITOR (NOME, APELIDOS, CARGO) <input type="text"/>			
SISTEMA DE AVALIACIÓN <input type="text"/>			
REMUNERACIÓN MENSUAL DA PERSOA APRENDIZ (€/MES)			<input type="text"/>
ACTUACIÓN DAS PARTES			
OBRADOIRO ARTESÁN			
1. Titorizar o aprendiz e introduci-lo no oficio mediante o ensino de técnicas e/ou actividades.			
2. Desenvolver o programa de formación.			
APRENDIZ			
1. Adquirir as competencias e alcanzar os obxectivos sinalados no programa de formación anexo a este acordo.			
2. Executar as tarefas e actividades precisas para acadar os obxectivos do programa.			
COMPROMISOS			
OBRADOIRO ARTESÁN			
1. Aboará puntualmente ao aprendiz a retribución os 5 primeiros días de cada mes.			
2. Ensinará as tarefas precisas para que o aprendiz poida desenvolver as actividades e acadar os obxectivos.			
3. Facilitará a aprendizaxe proporcionando un posto de traballo adecuado, seguro e cun ambiente e condicións apropiados.			
APRENDIZ			
1. Actuará como alumno de forma dilixente e amosará unha actitude aberta de cara a aprendizaxe.			
2. Obedecerá as indicacións do titor para a correcta execución dos traballos.			
3. Será puntual e cumprirá co horario da formación.			
AUTORIZACIÓNS E PERMISOS			
A persoa aprendiz autoriza o obradoiro a presentar informes de vida laboral ao comezo e á finalización do acordo e facilitarallos para tal efecto.			
SINATURA DO REPRESENTANTE DO OBRADOIRO		SINATURA DA PERSOA APRENDIZ	
Lugar e data <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>			
			

Dirección Xeral de Comercio e Consumo




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO IV
DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA APRENDIZ

DATOS DA PERSOA QUE ASINA							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que reúne todos e cada un dos requisitos exixidos polo artigo 5 da Orde do 15 de febreiro de 2018 para formalizar un acordo de formación cun obradoiro artesán.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que a persoa aprendiz se opona a esta consulta, deberá indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
<input checked="" type="checkbox"/> DNI/NIE	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Título oficial universitario	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Título oficial non universitario	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado de discapacidade expedido polo órgano competente da Xunta de Galicia, de ser o caso	<input type="checkbox"/>

SINATURA

Lugar e data

 , de de


Dirección Xeral de Comercio e Consumo

